

## B A N D O

### PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLAS/OS MENORES DE 3 ANOS PARA O ANO 2016

José M. Miñones Conde, alcalde-presidente do Concello de Ames (A Coruña),

#### **INFORMA:**

A Consellería de Política Social, da Xunta de Galicia, convoca a “Prestación económica de pagamento único por fillos e fillas menores de 3 anos para o ano 2016”, Orde do 31 de decembro de 2015, publicada no D.O.G. Núm. 17 do 27/01/2016.

#### **BENEFICIARIOS:**

Aquelas persoas que teñan ó seu cargo fillos/as menores de tres anos á data de 1 de xaneiro de 2016 (nados entre o 2/01/2013 e o 1/01/2016, inclusivos) e que, durante o ano 2014, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigadas a iso. No caso de fillos/as adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2014 e o 31 de decembro de 2015, a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

#### **CONTÍA DA PRESTACIÓN:**

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación en virtude desta convocatoria. A contía será de 360€ cando sexa a primeira filla ou fillo; de 1.200€ cando sexa a segunda filla ou fillo; e 2.400€ cando sexa a terceira ou terceiro fillo/a e sucesivos.

#### **REQUISITOS DOS SOLICITANTES:**

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que na data da solicitude os nenos/nas convivan coa persoa solicitante.

#### **DOCUMENTACIÓN:**

- Solicitude formalizada no Anexo I segundo a Orde de 31 de decembro de 2015.
- Fotocopia do Libro de Familia ou certificación de nacemento do Rexistro Civil de cada unha das fillas/fillos, para os efectos de acreditar a data de nacemento e o número de orde que ocupa a filla ou fillo na descendencia da persoa solicitante.
- Certificado de convivencia do solicitante.
- Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de se-lo caso.
- Nos supostos de adopción ou acollemento, copia da resolución xudicial ou administrativa que a declare.
- Autorización do cónxuxe ou parella para obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias (Anexo II). Con respecto ao solicitante, a presentación da solicitude comportará a autorización á Consellería de Política Social para obter os datos tributarios del e comprobar tamén os datos do DNI.

#### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

As solicitudes poderán presentarse nas oficinas do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, Edificio Administrativo San Caetano (Santiago de Compostela), ata o día 7/03/2016.

Así mesmo tamén se poden presentar solicitudes no Rexistro de Portelo Único do Concello, situado en Bertamiráns, nas propias dependencias do Concello, ata o día 7/03/2016.

Ames, 3 de febreiro de 2016.

O alcalde,



Concello  
de AMES

Pz. Do Concello, nº 2. Bertamiráns  
16220 AMES (A Coruña)  
TEL: 981 883 002-Fax: 981 883 925

Asdo.: José M. Miñones Conde